

CIRCULAR 269

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XANEIRO 2018

COPG
PATRIMONIO
COMÚN

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e Responsable da páxina web.



José Manuel Oreiro Blanco

Secretario / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coa Sección de Psicoloxía de Xurídica.



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego e do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa, Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



Marta Rivas Rodríguez

Vogal



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde / Coordinador coa Comisión de Ética e Deontoloxía.



Alejandra Fernández Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 270 e sairá a principios do mes de marzo de 2018.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de febreiro de 2018.

5	Información Xeral
17	Información das Seccións
24	GIPCE
25	Comisión de Ética e Deontoloxía
26	Grupo de Tráfico e Seguridade
29	Comisión Intersectorial de Xénero
30	Comisión de Cultura

Editorial

«Só se aguanta unha civilización se moitos contribúen coa súa colaboración ao esforzo. Se todos prefiren gozar o froito, a civilización afunde.»

José Ortega y Gasset

COPG, patrimonio común

A nosa vontade transformadora da sociedade é, lamentablemente, moito maior que a nosa capacidade. Cando chega o ano novo e facemos balance do feito, resulta desilusionante comprobar como, ano tras ano, temos que volver anotar os mesmos «própositos» que escribiremos 365 días atrás. Seguimos batendo nas mesmas portas, pedimos de novo o que xa viñamos solicitando incluso hai décadas. E nestas datas, reflexionamos: ¿será que pedimos demais? ¿Serán imposibles?

¿É pedir por riba das nosas posibilidades que Galicia conte cun Plan Estratéxico de Saúde Mental? ¿Demandar unha oferta pública de emprego que cubra as necesidades de especialistas en psicoloxía clínica nos hospitais galegos? Talvez sexa unha inxenuidade propoñer que os servizos de atención primaria contén con atención psicolóxica, máis aínda cando a futura lei galega de saúde vai na liña de continuar a dismantelar a rede sanitaria máis próxima á cidadanía.

Quizais a psicoloxía educativa é un luxo que os nosos nenos e nenas non poden permitirse nos seus centros de ensino. Estaremos a pedir demasiado cando falamos de que o alumnado con necesidades específicas poida acceder a unha atención psicolóxica concreta para a súa problemática. Poida que non debamos pensar que os concellos contén con profesionais da psicoloxía que traballen no eido comunitario, coas persoas maiores, coa cativada, coas familias, cos distintos colectivos, promovendo a

igualdade ou a integración, intervindo no chanzo máis próximo entre administración pública e cidadanía.

É posible que as esperas por informes periciais na Xustiza sexan inevitables, e que o acompañamento psicolóxico se sufrimos un delito dependa de onde e cando, porque como para todo, sempre hai momentos mellores ca outros. ¿E a mediación? Outro luxo que non pode chegar nin a todos os ámbitos nin a toda a cidadanía. E seguramente poidamos considerar incluso unha soberbia demandar unha atención á saúde laboral, por suposto tamén á saúde mental, cando a situación do traballo ten outras urxencias.

Tal vez o maior luxo de todos sexa o de pedir a regulamentación da profesión, aínda que sexa unha débeda legal de hai máis de sete anos.

Quizais estamos a pedir por riba das nosas posibilidades. Ou quizais estamos a demandar o que é unha necesidade social real, evidente e urxente. Quizais reclamamos, simplemente, o que é un dereito da cidadanía: ter acceso á psicoloxía na rede pública con garantías e de calidade, con independencia de se estamos nunha pequena aldea ou se vivimos nunha gran cidade.

Por iso este 2018 apostamos por mirar con orgullo á nosa identidade profesional. Somos psicólogos e psicólogas que reivindicamos o noso lugar como servizo de interese estratéxico para a sociedade. A psicoloxía contribúe benestar, mellora a saúde das persoas, prevén problemáticas e evita a cronificación ou o empeoramento de patoloxías. A psicoloxía é importante e precisamos que comprendan o que a nosa profesión pode achegar tanto os responsables públicos como tamén a cidadanía en xeral.

Ese é tamén un papel importante do noso Colexio: temos un rol na sociedade e exercémolo como responsabilidade prioritaria. Por iso este ano reivindicamos o COPG como patrimonio común, tal e como recolle o noso lema de 2018. O Colexio é a nosa casa común, precisamos deste punto de encontro para que exerza esa función de representación social e desde a colectividade, a complicitade e a cooperación, construír unha psicoloxía máis forte na sociedade. E desde a nosa forza conxunta, seguro que lograremos ir transformando a sociedade e ir cumprindo cos propósitos do ano novo.

Relacións Institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Asistiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, o pasado 16 de novembro.
 - Xunto coa responsable de Comunicación do COPG, Eliana Martíns Alvela, asistiron á reunión co Bastonário da Ordem dos Psicólogos, Francisco Miranda Rodríguez, e varios membros da Xunta de Goberno da Ordem, para tratar sobre posibilidades de colaboración entre ambas institucións, e especialmente para a organización do «IV Congreso Nacional de Psicoloxía de Portugal», que se celebrará en Braga no mes de setembro de 2018. Tivo lugar o pasado 7 de decembro en Lisboa.
-



M^a Rosa Álvarez Prada



Fátima López Rodríguez

Os coordinadores do Grupo de Traballo de Menores do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa de Atención Psicolóxica para Homes con problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar «Abramos o Círculo», Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó respectivamente, participaron nunha xuntanza de traballo coa policía da Unidade de Prevención, Asistencia e Protección da Policía Nacional de Ourense, Eva Rodríguez López, coa avogada, Patricia López Arnosó e coa fiscal de Violencia de Xénero en Santiago de Compostela, Pilar Fernández Pérez, para expoñer os obxectivos deste Grupo de Traballo, presentar desde cada servizo do traballo con menores e adolescentes vítimas de violencia de xénero e tratar necesidades e demandas detectadas na atención e intervención con menores e/ou adolescentes vítimas de violencia de xénero, celebrada o 17 de outubro en Santiago de Compostela.

Xavier Sardiña Agra, en representación da Sección de Psicoloxía e Saúde asistiu a unha reunión informativa co director xeral de Asistencia Sanitaria, Jorge Aboal Viñas, acerca do proxecto

MAPSI que foi exposto nunha reunión mantida na Consellería de Sanidade o 8 de novembro en Santiago de Compostela.

A vogal da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á reunión aberta de voceiras e colaboradoras de #CompostelaEnNegro o 25 de outubro en Santiago de Compostela.

Os coordinadores do Programa de apoio e asistencia psicolóxica ás vítimas nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes na comunidade autónoma de Galicia, Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó, mantiveron unha xuntanza coa secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, coa subdirectora xeral de persoal da Administración de Xustiza, M^a Dolores Sáez Madrid, coa secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSJG), Concepción Otero Piñeiro, coa secretaria de Coordinación Provincial de Lugo, M^a. Carmen Varela Rebolo, coa secretaria Coordinadora Provincial da Coruña, María José Gil Taboada e co secretario Coordinador Provincial de Pontevedra, José Tronchoni, para abordar e coordinar entre todos e todas a recente incorporación dos psicólogos e psicólogas nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán. Celebrouse o 14 de novembro en Santiago de Compostela.

A vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, acudiu á xuntanza polo Pacto Local da Mobilidade da Concellaría de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais do Concello de Santiago de Compostela, o 21 de novembro.

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Asistiu ao acto institucional do Colegio Oficial de la Psicología de Las Palmas, que se celebrou o 3 de novembro en Las Palmas de Gran Canaria.



Concepción Rodríguez Pérez



Rubén Villar Trencó



Eva Muíño Gómez

- Xunto co secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, mantivo unha reunión coa técnica do Programa de Adopcións Especiais da Fundación Meniños, Olalla Castiñeiras Pérez, para coñecer o «Programa de Adopcións Especiais» da Fundación, o 14 de novembro.
- Mantivo unha reunión con Eva Garea do Instituto de Comunicación e Investigación Sociolóxica (INCIS) para participar nun estudo sobre o envellecemento en Galicia, o 26 de outubro en Santiago de Compostela.
- Xunto coa vogal da Xunta de Goberno do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, asistiu ao «Fórum Europa. Tribuna Galicia» coa portavoz nacional do BNG e portavoz do Grupo Parlamentario do BNG no Parlamento de Galicia, Ana Pontón, organizado por Nueva Economía Fórum e celebrado o 29 de novembro en Santiago de Compostela.
- Asistiu representando a Unión Profesional de Galicia ao acto do 10º Aniversario do Colexio de Enxeñeiros Informáticos, neste 30 de novembro en Santiago de Compostela.
- Asistiu á presentación de «Compartimos plan», organizado pola Deputación da Coruña, que tivo lugar o 1 de decembro en Santiago de Compostela. Este proxecto ten como finalidade realizar un estudo de diagnose das políticas de igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero na provincia, así como un plan de acción dirixido a establecer liñas estratéxicas de actuación a nivel provincial.



Antonio Fuertes Saavedra

O membro do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do COPG e vogal da Sección de PTO do COPG, Antonio Fuertes Saavedra, participou como relator nas dúas Xornadas Técnicas «Traballos saudables en cada idade. Idade e diversidade: impacto na xestión de PRL», organizadas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), que se celebraron o día 19 de outubro en Lugo e o día 20 de outubro en Rande (Pontevedra). Esta actividade estivo enmarcada no convenio de colaboración do COPG co ISSGA.

O secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, participou no Acto de Inauguración das XIV Xornadas da International Attachment Network Iberoamericana «Intervención en trauma relacional desde a perspectiva do apego: escollos e oportunidades», que se celebraron os días 26, 27 e 28 de outubro na Coruña.



José Manuel Oreiro Blanco

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á presentación do Servizo de atención ás dificultades de memoria do Concello de Boimorto (A Coruña), que tivo lugar o 10 de novembro. Asistiu tamén ao «Seminario sobre o senfogarismo en Galicia: Deseñando as políticas de futuro», organizado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia en colaboración coa Cruz Vermella en Galicia, e celebrado o 28 de novembro en Santiago de Compostela.



M^a Jesús López Cernadas

O coordinador do Programa de Atención Psicolóxica para Homes con problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar «Abrazos o Círculo», Rubén Villar Trencó, participou moderando a mesa «Como afecta a violencia de xénero a pequenos e pequenas» nas «VII Xornadas de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero. Acércate á igualdade», organizadas polo Centro de Información á Muller do Concello de Ames, que se celebraron o 16 de novembro en Ames.

A vogal da Xunta de Goberno do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, participou no Acto de Apertura do «X Congreso internacional e XIV Nacional de psicoloxía clínica», organizado pola Asociación Española de Psicología Conductual, que se celebrou do 16 ao 20 de novembro en Santiago de Compostela. Acudiu substituíndo á decana, por coincidir este acto coa inauguración das «XXII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG» en Betanzos.

A vogal da Xunta de Goberno do COPG, e coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda



Momento da presentación «Identidade dixital»

Bueno, participou na elaboración da guía e vídeo de «Identidade Dixital» publicada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, asistindo á presentación que se realizou o día 24 de novembro en Santiago de Compostela. Asistiu tamén á Gala de Nadal a favor da Fundación Andrea de «Apoyo a los niños con enfermedades de larga duración, crónicas y terminales», o 25 de novembro en Santiago de Compostela.

A representante do COPG na Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte a Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións de Transmisión Sexual, Luisa M^a Blanco Caramés, asistiu á xuntanza da Comisión o día 21 de novembro en Santiago de Compostela. Tamén acudiu ao acto de entrega dos Premios de Investigación sobre VIH e outras ITS, que se celebrou o 27 de novembro en Santiago de Compostela.

A vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, M^a Teresa Hermida Pérez, asistiu á gala de celebración dos X Premios Solidarios ONCE Galicia, organizados pola Delegación Territorial de Galicia da ONCE, que tivo lugar o 28 de novembro na Coruña.

O COPG e o Consejo General de la Psicología



M^a Rosa Álvarez Prada

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:

■ Á «IV Xornada de excelencia e innovación en psicoloxía», organizada por Psicofundación, xunto coa División de Psicoloxía do Centro de Enseñanza Superior Cardenal Cisneros, adscrito á Universidad Complutense de Madrid, celebrada o 15 de decembro en Madrid.

■ Ás reunións da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología celebradas os días 21 de outubro e 16 de decembro en Madrid. O 16 de decembro tamén asistiu á reunión da Xunta Xeral do Consejo General de la Psicología celebrada en Madrid.

■ O vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinador da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Xunta Directiva da División de Psicología do Traballo, das Organización e Recursos Humanos (PTORH), celebrada en Madrid o día 17 de novembro. Ademais participou no obradoiro sobre «A supervisión de Competencias Profesionais no marco do Certificado Europeo de Psicología (EUROPSY)» organizado polo Consejo General de la Psicología, unha actividade programada para definir as competencias profesionais e os indicadores de desempeño no ámbito PTO, que tivo lugar en Madrid o día 18 de novembro.

■ Á reunión do Grupo de Traballo de Psicología e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología os días 24 e 26 de novembro en Santiago de Compostela.

■ Xavier Sardiña Agra, en representación da Sección de Psicología e Saúde do COPG, asistiu á reunión da Xunta Directiva da División de Psicología Clínica e da Saúde do Consejo General de la Psicología os días 24 e 25 de novembro en Madrid.



José Luis Domínguez Rey

Proxecto Europeo ProVi

Desde o COPG enviamos a declaración de apoio á Proposta de Proxecto: «Pro.Vi - Protecting Victims' Rights: Subvenciones para proyectos internacionales que mejoren los derechos de las personas sospechosas o acusadas de delitos y los derechos de las víctimas de delitos». A Asociación Consensus foi convidada a participar, como entidade socia, na presentación dunha proposta de proxecto a unha convocatoria europea da Área de Xustiza. Cremos que este Proxecto pode reforzar a capacidade dos servizos de apoio psicolóxico e social para soste adecuadamente e responder ás necesidades das vítimas de delitos e evitar o risco de vitimización.

O COPG, a través da Sección de Psicoloxía Educativa, reivindica que o alumnado con TDAH poida acceder ás Becas de Apoio Educativo do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (MEC)

Con referencia á actual convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo do MEC, desde o COPG estamos a ter coñecemento de que desde distintas delegacións territoriais estanse a denegar numerosas solicitudes de reeducación pedagóxica e da linguaxe asinadas por psicólogos/as.

Temos tamén coñecemento de que desde as Xefaturas estase a facilitar ás familias un documento a asinar polos orientadores e orientadoras sobre o TDAH no que deben certificar que o TDAH vén derivado dunha discapacidade ou dun trastorno grave de conduta. O TDAH é un trastorno, grave nalgúns supostos, con entidade propia e independente dos demais, é dicir, constitúe un trastorno por si mesmo. E nalgúns casos pode xerar trastorno grave de conduta, como un dos seus síntomas, pero nunca á inversa: o TDAH non se produce ou non é unha consecuencia da discapacidade.

O COPG, a través da **Sección** elaborou un documento que foi remitido á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e ás Xefaturas Territoriais, así como á División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología, reivindicando e argumentando que o **alumnado con TDAH** diagnosticado como grave entre a formar parte do perfil do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que solicita estas axudas.

Lamentamos comprobar como nos últimos anos en cada convocatoria se restrinxen máis o acceso por parte do alumnado a este tipo de axudas, imprescindibles non só para os nenos e nenas beneficiarios da axuda, senón para as súas familias e para a sociedade no seu conxunto, pois xa está máis que demostrado que na maioría dos supostos prodúcese unha melloría significativa na problemática que presentaba o alumnado.

Xornada sobre intrusismo profesional

O 22 de novembro celebrouse na sede da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en Santiago de Compostela unha Xornada de Intrusismo Profesional organizada por Unión Profesional de Galicia, da que o COPG forma parte e participa activamente. A xornada abordou a situación de intrusismo profesional na comunidade autónoma e propuxo solucións para combater esta práctica. Acudiron representantes dos colexios profesionais, da Administración autonómica, das organizacións de consumidores e afectados e representantes da Administración de Xustiza.

Declaración Institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller

O 25 de novembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia manifestou o seu total rexeitamento a calquera forma de violencia física, psicolóxica ou sexual, exercida contra a muller, ao mesmo tempo que trasladou toda a súa solidariedade e apoio ás familias e persoas próximas ás vítimas desta terrible lacra que custou a vida a 44 mulleres este ano, ademais de tres casos máis en investigación. Podes ler a declaración completa na páxina web do COPG.

Nova xunta directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

Con data 1 de decembro de 2017, a Comisión Electoral procedeu á proclamación definitiva da nova Xunta Directiva da

Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa composición que de seguido se detalla:

José Eduardo Rodríguez Otero G-3407, presidente

Alicia Carballal Fernández G-3097, vicepresidenta

Carlos José Losada López G-4792, secretario

Mercedes Fernández Cabana G-3107, tesoureira

María Blanco Suárez G-3223, vogal

Alba Fernández Revaldería G-4724, vogal

Marta González Rodríguez G-3888, vogal

Eduardo Martínez Lamosa G-4199, vogal

O COPG reclama o perfil da Psicoloxía Educativa Nos Centros Públicos de Ensino

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantivo unha reunión o pasado 29 de novembro con representantes de partidos políticos autonómicos (PP, PSdeG, En Marea e BNG), así como dos principais sindicatos galegos (UXT, CC.OO., CIG), coa intención de trasladarlles a importancia de que o Pacto de Estado pola Educación que se está a elaborar recolla a figura do psicólogo ou psicóloga educativa en todos os centros de ensino, como un aspecto esencial para abordar múltiples problemáticas como o fracaso escolar ou o bullying.

Nesta xuntanza participaron por parte do COPG a decana, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co vicedecano e vogal da División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología (que agrupa a todos os colexios profesionais do ámbito a nivel estatal), Hipólito Puente Carracedo; así como a vicepresidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Ana María Ulloa Lage.

A decana do Colexio sinalou que «por primeira vez, tentaremos chegar a un Pacto de Estado pola Educación, un dos alicerces máis esenciais do sistema público, no que se establecerán as bases estruturais do noso sistema educativo, e neste punto a

psicoloxía ten un papel básico que non podemos permitir que pase desapercibido». Cuestións de total actualidade, como a elevadísima taxa de fracaso escolar, que se sitúa nun 22% no conxunto do Estado, duplicando a media europea; o acoso escolar, a violencia de xénero ou a adición ás novas tecnoloxías, preocupan tanto a profesorado, como ás familias e ao propio alumnado, que demandan poder recorrer á psicoloxía dentro da rede pública.

Por iso, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia reclamouse a colaboración dos partidos políticos e dos sindicatos para que se defenda a inclusión do perfil de psicólogo ou psicóloga educativa nos debates da Subcomisión que está a traballar este Pacto de Estado pola Educación, e que no informe final se incorpore nos diferentes niveis educativos (Infantil, Primaria e Secundaria).



Persoas asistentes á xuntanza

Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas

O día 12 de decembro celebrouse na sede colexial a Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG, que, entre outros asuntos, aprobou os orzamentos para o exercicio de 2018. Dita aprobación supón a conxelación das cotas colexiais, que se manteñen invariables a respecto das vixentes en 2016 e 2017.

Na xuntanza presentouse o informe sobre a actividade da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG en 2017 e aprobouse a renovación parcial da Comisión de Ética e Deontoloxía por finalización de mandato do Presidente da mesma, Francisco Blanco Romero, e da vogal Carmen González Pais, co nomeamento para substituílos de Ana Suárez Martínez G-3327 e Katia Rolán González G-4809, respectivamente.

O 12 de decembro tamén tivo lugar a xuntanza extraordinaria da Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas do COPG, na que se aprobou a autorización para o investimento de bens colexiais para a merca dun local contiguo á sede colexial a proposta da Xunta de Goberno do COPG.



Durante a celebración da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas

Información de interese para autónomos

O día 26 de outubro entrou en vigor, parcialmente, a *Ley 6/2017 de Reformas Urgentes del Trabajo Autónomo* (BOE nº 257 de 25/10/2017) que contempla importantes novidades que afectan tanto ás cotizacións á Seguridade Social como ao imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, especialmente para novos emprendedores e para quen compatibilice o traballo autónomo co traballo por conta allea. De especial importancia é a nova regulación relativa ós gastos deducibles nos rendementos netos das actividades económicas en estimación directa: gastos por suministros de electricidade, gas, auga e telecomunicacións cando o empresario ou profesional exerza a súa actividade na súa propia vivenda habitual e gastos de manutención do titular da actividade.



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolog%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de colexiado/a



Nome Apelido Apelido

O teu número
de colexiación
ten moito valor
faino ver

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

XXII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde.

Os pasados 16, 17 e 18 de novembro celebráronse en Betanzos (A Coruña) as XXII Xornadas da nosa Sección, co título «*Mal de moitos, tarefa de todos*». Unha ollada ao estrés desde o comunitario». Iniciáronse co Obradoiro sobre «A crianza nos primeiros anos: Novas realidades, novas dificultades, novas oportunidades», a cargo de **Vicenç Arnáiz Sancho**, onde se

analizaron as dificultades actuais na crianza que afrontan as familias, derivadas da maior estimulación que reciben os nenos e nenas e da necesidade de maior acompañamento e supervisión por parte dos adultos. Salientouse a utilidade da existencia de redes de apoio entre as familias, espazos compartidos e escolas territoriais.

Participaron setenta e nove persoas, entre profesionais e estudantes, que ao longo das distintas conferencias, mesas e comunicacións presentadas nas Xornadas tiveron a oportunidade de reflexio-

nar e debater sobre como ven afectando o momento cultural, político e social que atravesamos á saúde mental das persoas, e como moitos dos problemas que traen os pacientes á consulta son resultado do modelo de organización comunitario existente. Falouse do papel da muller na sociedade actual e como este



Persoas asistentes
ao obradoiro



Persoas asistentes ás xornadas



afecta a saúde de toda a sociedade. Tamén da necesidade de intervencións coordinadas cos menores en situación de risco ou desamparo e coas persoas sen fogar, dando voz ao activismo e ás organizacións creadas polos propios pacientes.

Nas Xornadas presentáronse as conclusións dos Grupos de Traballo da nosa Sección centrados na Atención Primaria, Neuropsicoloxía e Trastorno Mental Grave. Así mesmo, **Marta González Rodríguez**, directora do *Anuario* da Sección, presentou o exemplar número 10, co título «**O dano**», que xa podedes descargar na web do COPG no seguinte enlace:

<https://copgalicia.gal/secciones/psicologia-e-saude/publicacions>

Por outra banda, **Eduardo Martínez Lamosa**, vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, e **Amador Estévez Serantes G-0128** recibiron o premio á mellor comunicación libre, pola súa exposición titulada «*Protocolo de avaliación psicolóxica na dor crónica: resultados e propostas*», a cal tiña como obxectivo coñecer os resultados que se producen tras a aplicación dun protocolo de avaliación psicolóxica previamente á instauración dun tratamento fronte a dor: a neuroestimulación. O póster titulado «*Avaliación do estrés laboral nos profesionais de enfermería dunha Unidade de Coidados Paliativos*», firmado polas colexiadas **Noelia Pita Fernández G-3885**, **Sabela Maceda García G-3884** e **Rebeca Deus Fernández G-4184**, recibiu o galardón de mellor póster das Xornadas.

Formación: Xaneiro 2018

Por causas de forza maior, vímonos na obriga de modificar a data do curso «**Introdución á avaliación e intervención neuropsicolóxica en persoas adultas con trastorno do desenvolvemento intelectual**» organizado polo Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía da nosa Sección en colaboración coa Sociedade Galega de Neuropsicoloxía (SGN), que finalmente terá lugar os vindeiros **19 e 20 de xaneiro** na sede do COPG. A relatora será **Susana Esteba-Castillo**, doutora en psicoloxía e neuropsicóloga do SESM-DI do Parc Hospitalari Martí i Julià de Girona, que presentará información actualizada sobre as estratexias de avaliación e intervención neuropsicolóxica en persoas con trastornos do desenvolvemento intelectual.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Recoñecementos ao labor do/a psicólogo/a xurídico/a nos distintos ámbitos de actuación do eido da Psicoloxía Xurídica

A Sección convocou dous recoñecementos ao labor da psicóloga ou psicólogo xurídico nos distintos ámbitos de actuación: penitenciaria, criminal, forense, da familia, menor, das forzas armadas, vitimoloxía e mediación. A Comisión de Valoración composta por Jorge Sobral Fernández, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela; José Manuel Oreiro Blanco, secretario do COPG, Concepción Cendón Dacosta, socia da Sección; e María Filomena Garrido Blanco e Alba Sousa González como representantes da xunta directiva da Sección, reuniuse o pasado día 28 de novembro, e outorgou os dous recoñecementos aos seguintes traballos:

- **Hipóteses Undetsh e o Criteria Based Content Analysis. Unha revisión meta-analítica.** Presentado por **Bárbara González Amado**. (Colexiada G-5570).
- **A escala de validez F (MMPI-2) en simulación: unha revisión meta-analítica.** Presentado por **Alba Varela Tato**. (Colexiada G-5400).

A xunta directiva da Sección mostra o seu agradecemento a todas as persoas aspirantes ao recoñecemento, tanto pola súa participación como pola calidade dos traballos presentados así como tamén ás persoas integrantes da Comisión de Valoración.

Curso de formación sobre terrorismo e crise

A Sección organizou unha actividade formativa para abordar o tema: «**Terrorismo e Crise: Análise desde unha perspectiva psicolóxica e xurídica**», temática de gran importancia e relevancia no contexto da sociedade internacional. Os obxectivos do curso centráronse en dotar ás persoas participantes de coñecementos, ferramentas e aptitudes cos que entender mellor as circunstancias que engloban o escenario obxecto de estudo, e constatar que a explicación que a psicoloxía pode desenvolver é esencial para a comprensión e afrontamento destas situacións.

O curso celebrouse en distintos módulos os días 10 e 11 de novembro e 16 de decembro na sede colexial, cunha duración de 25 horas e foi impartido por Francisco Duque Colino, psicólogo especialista en Psicología Clínica e experto en intervención en crise, trauma agudo e vítimas de feitos violentos; Ana del Valle Couto, avogada e criminóloga, que xestiona proxectos europeos en materia de xuventude e cooperación; e Javier Martín Peña, psicólogo e doutor na Facultade de Ciencias Sociais e Traballo da Universidade de Zaragoza.

O primeiro bloque da formación: conceptualización do terrorismo, os seus obxectivos político-relixiosos, a súa economía e financiamento, o perfil do terrorista, a *radicalización e as motivacións*. O segundo bloque: vítimas de terrorismo, o suceso traumático, factor tensión, vulnerabilidade e resistencia, e avaliación da tensión postraumática. Finalmente, no terceiro bloque analizáronse os compoñentes da violencia terrorista, desde unha perspectiva psicosocial e criminolóxica, profundando na evolución da violencia terrorista, tipoloxías de terrorismo, captación e recrutamento, os efectos psicolóxicos e sociais, ademais das ferramentas de análises destas condutas criminais.



Momento do curso

Guía do psicólogo das Forzas e Corpos de Seguridade

O Grupo de Traballo de Psicología Xurídica das Forzas e Corpos de Seguridade pertencente á Sección, elaborou a segunda guía publicada neste ámbito de traballo. Despois da edición da primeira guía editada sobre a Psicología Xurídica Militar e das Forzas Armadas, esta segunda aborda a Psicología Xurídica das Forzas e Corpos de Seguridade, tratando os seus dous ámbitos de actuación: por unha banda, a Psicología Policial, que comprende as tarefas de selección, formación e asistencia, e por outro, a Psicología Criminalista, que se encarga da aplicación dos coñecementos da Psicología á investigación policial. O obxectivo deste traballo é facilitar a información sobre o papel da psicología nestas áreas, dar a coñecer o traballo desenvolvido

polos profesionais da psicoloxía militar e as forzas e corpos de seguridade, así como informar sobre os protocolos de ingreso nestes campos da Psicoloxía Xurídica. Editaranse en formato papel e manterase o acceso directo a través da Sección na páxina web do COPG.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA



Persoas asistentes á actividade

Xornada sobre a infancia

O día 4 de novembro, o Grupo Intersectorial de Actividades sobre a Infancia 2017 organizou a xornada **Polo Bo Trato a Infancia. A xornada coordinada por Olegaria Mosqueda Bueno, levouse a cabo no salón de actos** e participaron relevantes profesionais da psicoloxía do ámbito social e educativo, Antonio Salvador Jiménez Hernández, Presidente do Consejo Independiente de Protección á Infancia expuxo a conferencia «Xira pola infancia 2017: Por unha nova cultura do bo trato á infancia». A continuación Javier Aznar Alarcón, Paula Baldomir Gago e M^a Leonor Galiana Caballero interviron na mesa «Vulnerabi-

lidade infantil». A seguinte intervención abordou os «Contextos» e contou coa participación de Yudit González Núñez e Alfredo Fornos Pérez. Finalmente, tivo lugar a mesa «Respostas institucionais» coa intervención de José Manuel Oreiro Blanco e Juan Luís Basanta Dopico. A xornada foi presentada por Víctor Torrado Oubiña, vogal da Xunta de Goberno.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/intervencion-social>

Charla na Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

María Begoña Castro Iglesias, tesoureira da Sección e orientadora do CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba, participou o pasado día 4 de decembro xunto coa vogal da Xunta de Goberno e coordinadora coa Sección, **Olegaria Mosqueda Bueno** no ciclo

de charlas «**A práctica profesional da Psicoloxía» organizadas pola** Facultade de Psicoloxía da USC para o alumnado do grado. Unha iniciativa que pretendía unha aproximación á realidade do desempeño da nosa profesión nos departamentos de orientación. A actividade resultou de gran interese para o estudantado, dadas as súas implicacións na delineación das súas perspectivas de futuro profesional. Ademais, ambas psicólogas son colaboradoras no practicum do grado e máster de Psicoloxía Educativa.



Momento da intervención

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

A Prevención e Seguridade Industrial 4.0

A Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (APROSAL), celebrou os días 23 e 24 de novembro en Vigo o **Primeiro Congreso Internacional sobre Prevención e Seguridade Industrial 4.0**, no que o Colexio a través da Sección de PTO, acudiu como convidado pola organización. O evento centrouse na importancia das tecnoloxías dixitais, nas organizacións industriais e a súa incidencia na importancia da prevención en todos os escenarios laborais. Foi unha oportunidade para analizar e compartir co colectivo das enxeñeiras e dos enxeñeiros técnicos industriais diversas accións preventivas no ámbito da saúde laboral vinculadas coas competencias das persoas e as súas capacidades tanto sensoriais como cognitivas para un adecuado deseño dos postos de traballo.

Psicoloxía e Competencia Empresarial.

Punto de encontro 2018.

Os días 1, 2 e 3 de marzo de 2018 celebraremos en Valencia o próximo Congreso Internacional de Psicoloxía do Traballo e Recursos Humanos. Co lema «**Porque as empresas son persoas**»,

confeccionouse un programa que inclúe temáticas, entre outras, sobre tecnoloxía e innovación, xestión de equipos, contornas saudables e promoción da saúde, responsabilidade social, dirección de persoas, avaliación de persoal e consultoría organizacional. Será un punto de encontro para as distintas seccións PTO territoriais e reflexionar conxuntamente con organizacións e asociacións de empresariado sobre novas metodoloxías, competencias profesionais e itinerarios de xestión para o desenvolvemento das persoas.

Información e programa: <http://www.psicologiatrabajoyrrhh.com/>

Monográfico PTO e Cadernos de Psicoloxía

Xa está para a súa consulta o número especial dedicado á Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos editado por «*Cadernos de Psicoloxía*» (nº 36) do COPG. Colaboran na publicación membros da sección e distintos profesionais que reflexionan e achegan datos e inquietudes sobre distintos ámbitos da intervención. Abórdanse aspectos de interese sobre a orientación laboral, a perspectiva do *coaching*, a presenza e o avance no espazo da saúde laboral e da prevención de riscos e a importancia da calidade da formación en RRHH. Examínase o impacto das novas tecnoloxías, os sistemas de xestión de persoas, o valor da deontoloxía e as boas prácticas e finalmente efectúase un percorrido das iniciativas e presenza da sección desde os seus inicios no COPG.

Podes acceder ao número a través da seguinte ligazón:
<https://cadernos.copgalicia.gal/caderno-36>



**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

O 16 de decembro tivo lugar a reunión informativa para a presentación do funcionamento do GIPCE os novos membros. Nela participaron a coordinadora do grupo, Ana Isabel Martínez Arranz e o membro da Comisión Coordinadora, José Ramón García Gómez.

Falouse da organización do GIPCE-COP e GIPCE-112, así como dos distintos grupos que forman parte da súa estrutura, os protocolos tanto co 112 como nos casos de mortes por violencia de xénero, o convenio coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, así mesmo informouse sobre a recente Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología de Emergencias y Catástrofes. Tamén se informou das posibilidades de participación nas tarefas que se desenvolven desde o GIPCE, así como dos criterios necesarios para manterse no grupo e os de entrada no grupo de intervencións, GI-112, e dos requisitos necesarios para permanecer neste.



Durante a reunión informativa

Formación Externa coa Consellería de Educación.

O 6 de novembro celebrouse na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela a Xornada de Atención Educativa o Alumnado con Enfermidade Crónica na que participou a membro do grupo Olegaria Mosqueda Bueno ca intervención «Apoio psicolóxico en emerxencias nos centros educativos». A xornada foi organizada polo CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación)

da Consellería de Educación, que estivo dirixida a persoal de dirección, profesorado, orientación e inspección educativa, suscitou un gran interese para os 150 participantes. Nesta mesma xornada presentouse o Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo, protocolo no que o GIPCE foi incluído como recurso a solicitar cando as condutas suicidas teñan resultado de morte para o asesoramento e intervención coa comunidade educativa no proceso de dó.

Ligazón ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE):
<https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>



Momento da intervención de Olegaria Mosqueda Bueno

Comisión de Ética e Deontoloxía



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Nos teus informes escritos sé prudente e cauto-a. Non empregues etiquetas devaluadoras.
- Os teus informes psicolóxicos deben ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para a súa persoa destinataria. Debes expresar o seu alcance e limitacións, o seu carácter actual ou temporal e as técnicas utilizadas.

Entrevista coas Autoridades de Tráfico de Galicia no COPG

O día 26 de outubro celebrouse na sede do COPG a entrevista anual con todas as autoridades en Seguridade Viaria de Galicia. Nesta ocasión contamos coa presenza dos distintos responsables das Xefaturas Provinciais e Locais de Tráfico da Comunidade Autónoma, con Francisco Javier Molano Martín, tenente coronel da Garda Civil de Tráfico de Galicia; co Fiscal Delegado para a Seguridade Viaria en Galicia, Carlos Gil García, así como co fiscal de Seguridade Viaria de Santiago, Jorge Fernández, e coa subdirectora xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios, Inmaculada Martín Biedma. En representación da Comisión do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG asistiron Eva Muíño Gómez, M^a Jesús Sánchez Peteiro e Rosa Domínguez Cameán

Nesta reunión ademais de dar estabilidade e regularidade anual a esta convocatoria, tratáronse temas relacionados tanto coa seguridade viaria como co papel dos profesionais da psicoloxía nos centros de recoñecemento, en concreto, en relación coas valoracións psicolóxicas dos condutores e condutoras maiores. Informouse do número de expedientes enviados a revalidación por parte de Sanidade así como do procedemento que se seguía; ao respecto, reivindicouse a presenza de profesionais da psicoloxía nestas revalidacións. Por parte da Garda Civil e



Momento da xuntanza coas autoridades

Fiscalías informouse da apertura de expediente por funcionamento a diversos centros en Galicia. Así mesmo, por parte do Fiscal delegado de Seguridade Viaria solicitóusenos colaboración para iniciar un estudo da poboación maior condutora de Galicia, iniciativa encargada desde a Fiscalía do Estado.

Ademais, a coordinadora, Eva Muíño Gómez, mantivo unha reunión coa asesora médica da Dirección General de Tráfico (DGT), Elena Valdés Rodríguez, e coa psicóloga e asesora técnica da DGT, Fermina Sánchez Martín, co obxectivo de intercambiar experiencias de intervención con persoas reincidentes e pensar en alternativas de mellora para incluír no borrador inicial de modificación da Lei de Tráfico e Seguridade Viaria, celebrada o 2 de novembro en Madrid.

Sesión formativa e reunión do grupo

O día 18 de novembro celebrouse a sesión formativa sobre a psicoloxía nos centros de recoñecemento. Dita actividade foi impartida por M^a Jesús Sánchez Peteiro, membro da Comisión Coordinadora do Grupo. Destacamos o amplo interese que suscitou esta formación así como a valoración positiva de todos os asistentes en canto ao enfoque práctico e de grande aproveitamento para o desempeño laboral da nosa profesión nun centro de recoñecemento.



Durante o curso

No transcurso da xornada tivo lugar a reunión do Grupo de Tráfico e da Seguridade na que se informou de todas as xestións anuais postas en marcha por parte do grupo e tamén das propostas de colaboración levadas a cabo coa Fiscalía en relación á recollida, análise e investigación sobre a poboación condutora de Galicia. Por outra parte, informouse sobre a preparación dunha proposta de Regulamento de Réxime Interno do Grupo de Tráfico e da Seguridade co obxecto de adaptar a nosa estrutura ao esquema organizativo do COPG.

Futura división do tráfico e da seguridade

Finalmente, na próxima reunión do ano do Consejo General de la Psicología está prevista a aprobación do Regulamento da División, último requisito para proceder coa convocatoria de eleccións nos seguintes seis meses. Por tanto, será no comezo do próximo ano 2018 cando nos chegará a notificación para iniciar o procedemento de inscrición na mesma. Desde aquí queremos animar a todos os membros do grupo a que estean pendentes da comunicación estatal para poder asociarse, e deste xeito acadar unha excelente representatividade na futura División.

*Ligazón ao apartado
do Grupo de Traballo e
Seguridade da páxina web
do COPG:
[https://copgalicia.gal/
grupos-comisiones/trafico-
e-seguridade](https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/trafico-e-seguridade)*

IX Xornadas Estatais de Psicoloxía Contra a Violencia de Xénero: «Abrindo o foco: A Violencia de Xénero, un problema con rostros»

Os días 24 e 25 de novembro celebráronse, por vez primeira en Galicia, as IX Xornadas Estatais da Psicoloxía Contra a Violencia de Xénero; sendo este un encontro profesional de primeiro nivel, dirixido especialmente a profesionais da psicoloxía, pero en xeral a todos e todas as que exercen a súa actividade no eido da loita contra a violencia machista, dándose cita na cidade de Santiago de Compostela mais de 300 profesionais de diferentes disciplinas que loitan contra esta lacra que é a violencia de xénero. Esta edición levou por título «Abrindo o foco. A violencia de xénero, un problema con rostros» e pretendeu facer fincapé en





Algúns dos momentos das xornadas

que a problemática da violencia machista vai máis alá da muller que a sofre, xa que as súas repercusións son evidentes sobre a súa contorna (fillos e fillas, outros familiares, amizades, etc). O impacto na contorna directa da muller é innegable, aínda que adoitan considerarse como un «dano colateral»; sendo a proposta redefinir a loita contra a violencia de xénero e a protección como un concepto moito máis amplo e non centrado exclusivamente na muller como vítima, pretendendo,

así, construír un relato poliédrico e obter un retrato moito máis completo e ambicioso co que definir o impacto real da violencia por motivo de xénero.

COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO



Durante a entrega do premio

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller, a Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia volveu a convocar este ano o **Concurso «Cartaces Pola Igualdade»** dirixido a alumnado de terceiro e cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria. Nesta edición a obra premiada foi «*Doker*». O seu autor Danil Lutsenko, estudante do CPI Camiño de Santiago (O Pino – A Coruña), recolleu o seu premio o pasado 12 de decembro na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A obra premiada será empregada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia durante o ano 2018 para promover a igualdade e combater a desigualdade por razóns de xénero.



Fallo do X Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas».

O 9 de novembro celebrouse a xuntanza do Xurado do **X Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas»**, composto pola decana, M^a Rosa Álvarez Prada, a coordinadora da Comisión de Cultura, M^a Concepción Rodríguez Pérez, a poeta Iolanda Aldrei e o xornalista Joel Gómez para a deliberación do fallo desta edición.

Este ano resultaron premiadas as seguintes obras:

Na categoría de narrativa resultou gañadora a obra *Encher de vida o peito* de Carlos Méndez Leis e fíxose entrega dunha mención especial a obra *Retallos* de Purificación Leal Docampo.

Na categoría de poesía resultou gañadora a obra *Habitación compartida no materno-infantil* de Verónica Martínez Delgado.

Nesta categoría tamén se fixo entrega dunha mención especial a obra *Versos sen pan* de Xosé Pompei.

O 12 de decembro tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o acto da entrega de premios. Fixeron entrega dos recoñecementos, acompañados dun premio en metálico para os premiados en cada modalidade e da tradicional rosa conmemorativa, a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, o vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, e a coordinadora da Comisión de Cultura, M^a Concepción Rodríguez Pérez.

COMISIÓN DE CULTURA



Durante o recoñecemento

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

CIRCULAR

INFORMATIVA

Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Comisión de Ética e Deontoloxía

Últimos Colexiados/as




Cursos, Xornadas e Congresos

Servizos aos colexiados

Medios de comunicación

Relacións Institucionais

Avisos e anuncios





Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 - Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicológos